

**MEMORIA DO
SEMINADRIO
02206196
(PFPP-02231120)**

**CURRÍCULO
E
BIBLIOTECA**

**CEIP Plurilingüe
Manuel Sueiro
Ourense**

ÍNDICE

- 1 CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO.
- 2 VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL
- 3 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4 CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5 METODOLOXÍA
- 6 ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUANOS E MATERIAIS.
- 7 TEMPORALIZACIÓN
- 8 CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS
 - 8.1 Avaliación conxunta.
 - 8.2 Avaliación individualizada.
- 9 CONCLUSIÓNS LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 10 RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O SEMINARIO

A maioría do profesorado do CEIP Manuel Sueiro realizamos este Seminario, porque seguimos crendo que é unha ferramenta de moito valor para a introdución das TACs no noso centro, e darlle continuidade e publicidade ao traballo desenvolvido nos últimos cursos desde o Equipo de Biblioteca, o Equipo TIC e o EDL do centro. O título do mesmo é **“Currículo e biblioteca”**.

Participamos no Seminario un total de 19 mestres e mestras do Claustro. Dous mestres estiveron de baixa varios meses por enfermidade, polo que rematamos 17 persoas.

As reunións celebráronse no CEIP Manuel Sueiro de Ourense, seguindo a temporalización proposta no proxecto inicial en horario de tarde.

De xeito habitual, en todas as reunións traballábase sobre a orde do día prevista e, ao rematar, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión. A realización da maioría das actividades tivo unha duración superior a reflectida nas sesións de traballo do Seminario.

Os materiais, traballos e actividades realizadas no Seminario, leváronse á práctica co alumnado, co profesorado ou coa comunidade educativa do noso centro, dependendo de para quen foran deseñadas.

O Seminario xirou sobre a dinamización da web, aula virtual e blogs, así como da utilización de deseño universal de aprendizaxe (DUA) no currículo, desde unha perspectiva innovadora. Hai que destacar o gran interese que esta temática segue causando no profesorado, no noso grupo tamén, o que fixo que volvese a ser moi doado por en práctica todas aquelas propostas que foron xurdindo ao longo do curso.

2- VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL

En principio as horas de docencia eran 6 e ampliamos outras 3 horas para traballar a metodoloxía sobre as estacións de aprendizaxe, xa que nos quedara un pouco reducida nas sesións anteriores e así poder implementar o traballo

3 – CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Decidimos continuar dinamizando a Web, Aula Virtual e Blogs do centro coa intención de recoller e plasmar nel moitas das actividades TACs que realizamos co noso alumnado nos diferentes proxectos en que estamos inmersos baixo os principios do DUA. Son actividades que perseguen integrar o uso das TICs no currículo, na biblioteca e na vida diaria do centro. Actividades, todas elas, que poden ser aplicadas en calquera outro centro educativo.

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para darlle continuidade a este proxecto de formación no vindeiro curso.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

3.1. Finalidade

- Conseguir unha serie de estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento da biblioteca e do currículo.
- Elaborar propostas TAC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.
- Adquirir unha formación teórico práctica para saber realizar actividades e recursos TAC de aplicación no aula baixo os principios do DUA.

3.2. Obxectivos

- ✓ Revisar e analizar aspectos do uso e funcionamento das TAC que precisen ser mellorados.
- ✓ Elaborar propostas TAC concretas que incidan na mellora do funcionamento da biblioteca e do currículo.
- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da web do centro en Drupal.
- ✓ Manter e actualizar os blogs do centro.
- ✓ Coñecer e familiarizarse co uso da aula virtual do centro en Moodle.
- ✓ Adquirir unha formación teórica e práctica para saber realizar

actividades e recursos TAC de aplicación no aula baixo os principios do DUA..

- ✓ Adquirir estratexias necesarias para a elaboración de recursos de investigación educativa.
- ✓ Propiciar un momento e lugar de encontro para o intercambio de experiencias TAC que repercutan na mellora do proceso de ensino e aprendizaxe.
- ✓ Coñecer diferentes ferramentas, utilidades e programas que poidan ser de utilidade na aula: Ferramentas de Google e da web 2.0.
- ✓ Crear recursos didácticos, sexan ou non interactivos, para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Empregar diferentes ferramentas de autor: H5P...

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

- ✓ Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o potencial das ferramentas en liña no currículo e biblioteca do centro, non só foron acadadas, senón que foron superadas con creces.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- ✓ Precísase dedicarlle máis tempo ao traballo con ferramentas de autor..

4 – CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1 Contidos

- ✓ Implicación da tecnoloxía na educación. Modos de integración curricular.
- ✓ Dinamización do centro e da biblioteca a través do proxecto de webs dinámicas.
- ✓ Recursos e ferramentas educativas da web.
- ✓ Ferramentas de autor de creación de recursos TAC.

4.2 Actividades

- ✓ Una vez máis pomos de manifesto que se se revisa a nosa web, aula virtual e blogs educativos, observárase que as actividades realizadas ao longo do curso, en referencia ao traballado neste Seminario, son moitas máis das que imos reflectir nesta memoria.
- ✓ A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Seminario, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábase prioritarios dinamizar o centro a través do proxecto de webs dinámicas.
- ✓ Recibimos docencia sobre os principios universais de aprendizaxe e sobre a súa implementación na aula.
- ✓ Practicamos e analizamos cos distintos elementos que integran o proxecto de webs dinámicas coa axuda dos tutoriais que están accesibles desde a nosa aula virtual e que foron realizados ou compilados polo coordinador do Seminario.
- ✓ Realizamos múltiples actividades para dinamizar a web do noso centro, así como a nosa aula virtual e os tres blogs que en funcionamento no cole. Este foi o obxectivo principal que nos propuxemos ao comezar este Seminario. En total, entre “libros de contidos”, “páxinas web” e “historias”... realizamos **máis de 200 entradas** entre o Blog de Biblioteca e a Web do centro.




<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelstvo/>

- ✓ Adquirimos e perfeccionamos os coñecementos necesarios para empregar o espazo Drupal que dispón o centro coa axuda da coordinadora. Traballamos e experimentamos con varios tutoriais sobre a **creación de contidos**. Asemade, tamén reformamos e actualizamos constantemente o espazo web

do centro coa creación de numerosos contidos, nos que hai que destacar os seguintes **libros electrónicos** (entre outros) que utilizamos para traballar a educación documental desde a biblioteca e o EDL do centro:


- [Libro sobre mulleres galegas](#)
 - [Libro sobre “Encontros con autores na biblioteca”](#).
 - [Actualización do libro das Letras Galegas](#).
 - [Recopilación de Lendas populares](#).
 - [Libro recopilatorio da nosa poesía](#).
 - Actualizamos [os libros existentes sobre recursos educativos](#) que elaboramos en cursos pasados.
- ✓ Creamos e actualizamos **cursos** na aula virtual do cole para as diferentes áreas impartidas en todos os niveis impartidos.

Demos de alta na aula virtual a todos os membros da comunidade educativa.
Accédese desde aquí:



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/>

- ✓ Para poder xestionar todo o traballo que iamos realizando no Seminario, utilizamos **a aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado. O papel xogado por este curso en moodle sigue sendo moi importante no desenvolvemento do proxecto, xa que permitiu e favoreceu a coordinación de todos os membros do grupo, ao ofrecer un lugar onde atopar todo o que se ía facendo nas sesións de traballo ou na casa individualmente.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=172>

✓ Cursos creados:

- [Cursos organizados por niveis e áreas.](#)
- [Seminario: Currículo e biblioteca](#)
- [GT: Afondando na ubicuidade da aprendizaxe.](#)
- [GT: Implementando o Plan dixital.](#)
- [Seminario: loqa e mindfulness para nenos e nenas.](#)

✓ Outros cursos actualizados en moodle neste Seminario:

- [Curso de formación en moodle: Iniciación](#)
- [Banco de recursos de AL](#)
- [Banco de recursos para 1º de Ed. Primaria](#)
- [Banco de recursos para 2º de Ed. Primaria](#)
- [Banco de recursos para 3º de Ed. Primaria](#)
- [Banco de recursos para 4º de Ed. Primaria](#)
- [Banco de recursos para 5º de Ed. Primaria](#)
- [Banco de recursos para 6º de Ed. Primaria](#)
- [Recursos interactivos para Ed. Infantil.](#)
- [Curso recopilatorio das nosas creacións educativas.](#)
- Asemade, seguimos catualizando todos os anos os xa existentes de:

- Curso “[Drupal como recurso educativo](#)”
 - Curso “[Aula virtual do centro: emprego didáctico](#)”.
 - Curso “[Recursos TIC para a biblioteca](#)”.
- ✓ **Mantemento do blog para a biblioteca en Drupal:** A vantaxe de crear un blog en Drupal reside no aforro de tempo que nos permite ao querer publicar novas na web do centro e no blog a mesmo tempo. Asemade, ao estar dentro do espazo corporativo da Xunta os contidos nel publicados teñen unha seguridade xurídica que non posúen en servizos de blog privados. O resultado pódese ver na seguinte ligazón:



<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuel sueiro/blogdebiblioteca>

- ✓ **Blog:** Este curso tamén continuamos actualizando e mantendo o Blog de Meteoroloxía desde a aula de apoio. O blog funciona como punto de encontro entre todos os implicados da posta en práctica do mesmo.



<http://meteosueiro.blogspot.com/es/>


- ✓ **Ferramentas de Google:** Seguimos experimentando con diversas utilidades da web 2.0 e sobre as posibilidades e potencialidades que nos ofrecen para utilizar no aula: **Google drive, docs, presentacións e maps:**

- **Google Drive.** Mantemos un espazo en drive para ter unha copia online dos documentos que usamos no colexio e nas aulas. Todos formularios empregados no blog de meteoroloxía, gráficas, recollida de datos foron creados en google Drive:
- En **Google maps** actualizamos o mapa coa localización do noso centro e a súa área de influencia.
 - [Localización do nosa cole en Google Maps](#)
 - [Área influencia do CEIP Manuel Suevoiro](#)

- **Youtube.** Continuamos mantendo o repositorio de vídeos que realizamos no centro nesta ferramenta de Google. Este curso levamos realizado máis de 40 curtas.

<https://www.youtube.com/channel/UCbHoS9kfj--ZIV0i04h3kYw/videos>

- **Google Fotos:** Grazas a esta ferramenta creamos unha galería fotográfica na que de xeito doado imos colocando as imaxes das actividades que realizamos ao longo do curso. Levamos realizado máis de cen álbums no que vai de curso.



<https://padlet.com/ceipmsuevoiro3/galer-a-imaxes-curso-2022-2023-pq4xkscsy4qwsp17>

- ✓ Para manter a nosa web e blogs empregamos outras ferramentas da **Web 2.0**:

- **Photo editor Pixlr**. Edición de imaxes en liña. Con esta ferramenta editamos a maioría das imaxes que empregamos na web e blogs.
- **Collage Fotos**. Empregamos esta ferramenta para facer os collages que ilustran as entradas da nosa web e blogs.
- **Soundcloud**. Neste espazo web colgamos os arquivos sonoros que realizamos para traballar na Hora de ler.

<https://soundcloud.com/ceip-manuel-sueiro>


- **Animoto**. Programa de edición de vídeos moi sinxela de empregar.
<https://www.youtube.com/watch?v=pmGLj-4Kj1M>
- **Google presentacións**: realizamos varias presentacións para traballar co alumnado na aula.

- [Rigoberta Menchú](#).
- [A miña casa](#).
- [A mochila viaxeira](#).
- [Casas diferentes](#).
- [Adaptación da presentación do proxecto EDIXGAL](#)
- [Rosalía de Castro](#)
- [Día da Muller](#)
- [Monas de Pascua](#)
- [Día do Libro](#)

- **Presentacións en Genially**

- [Proxecto educativo do noso centro URL](#)
- [Concrecións curriculares do noso centro. URL](#)
- [Presentación para o Día do libro 2023](#).
- [Día do libro 2023](#).
- [Formación de usuarios da biblioteca](#)

- [El nacimiento de Jesús.](#)
 - [Mapa mental de DUA](#)
- ✓ **Ferramentas de autor:** Realizamos as seguintes actividades:
- **Kahoo!**
 - [Festas do Nadal.](#)
 - [Numeración 0-9](#)
 - [Sumas e restas fáciles.](#)
 - [Sumas fáciles.](#)
- ✓ **Outras actividades TIC** que se desenvolveron ao longo do curso foron as seguintes
- Utilización do **programa Meiga** para a xestión da biblioteca.



<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OEC015>

- ✓ Elaboramos máis de 40 curtas en vídeo, das que destacamos:
- [Canal de vídeo en Youtube URL](#)
 - [Cando leo.](#)
 - Poema [Vamos bebendo.](#)
 - [Pantasma explosivos.](#)
 - Poema [Amor eterno.](#)
 - [Wangari.](#)
 - [Entrevista a Rigoberta Menchú.](#)
 - [Xogando con traumatropos.](#)
 - [Resumo do 1º trimestre en EI.](#)
 - [Row, row, row yout boat.](#)
 - [Galaxia de cores.](#)

- **Actividades baseadas no deseño universal de aprendizaxe (DUA).**

Realizamos múltiples actividades baseadas nos principios do DUA das que deixamos evidencias no apartado correspondente a DUA do curso da nosa aula virtual.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelstueiro/aulavirtual/course/view.php?id=172#section-9>

- ✓ Actualizamos os repositorios de recursos educativos:
 - [Repositorio na web do centro de programas de utilidade na web 2.0](#)
 - [Repositorio sobre imaxes de dominio público ou licenza BY SA](#)
- ✓ Para finalizar realizamos a avaliación do funcionamento do grupo de traballo e elaboramos a Memoria final.

5 – METODOLOXÍA

Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias.

Combinamos as sesións formativas destinadas ao estudo e análise de materiais mediante a lectura de documentos específicos (artigos, ferramentas de autor, ferramentas da web en liña, ...) e a docencia sobre os principios do DUA, xunto con sesións prácticas para a realización das actividades derivadas do coñecemento adquirido.

En ambos casos, ditas sesións incluíron un tempo para a reflexión en común, a toma responsable e consensuada de decisións e a determinación de tarefas para a súa execución en posteriores sesións de traballo no centro.

6 – ORGANIZACIÓN DE RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS

6.1 Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Da organización das sesións programadas con actividades de docencia encargouse a coordinadora do seminario “Currículo e biblioteca” dentro do PFPP do centro: María del Mar Pereira Gil, contando coas relatoras Sonia e Marta para as tres sesións con docencia.
- Tamén foi necesario o asesoramento dos membros do CFR. responsables do noso centro.

6.2 Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e cañón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos, tinta ordenador... para por en práctica as sesións e actividades programadas co alumnado.
- Cadernos e carpetas.
- Plastificadora, cámara de fotos, escaner...

7 – TEMPORALIZACIÓN

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte:

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
23/11/2022	Estudo e reflexión sobre o proxecto	3	CEIP Manuel Sueiro
24/11/2022	Docencia: . Afondamento en DUA.	3	CEIP Manuel Sueiro
01/12/2022	Docencia: Experimentando con DUA.	3	CEIP Manuel Sueiro
02/02/2023	Experimentando con Drupal	3	CEIP Manuel Sueiro
14/02/2023	Os Blogs do centro.	3	CEIP Manuel Sueiro
28/02/2023	Aula virtual ao servizo da biblioteca	3	CEIP Manuel Sueiro
21/03/2023	Docencia. Proposta didáctica para DUA.	3	CEIP Manuel Sueiro
30/03/2023	Dinamizando a web, blogs e AV do centro. (T.I)	3	CEIP Manuel Sueiro
20/04/2023	Realizando materiais para implementar DUA no centro (T.I)	3	CEIP Manuel Sueiro
27/04/2023	Avaliación, Memoria e Dossier na AV do centro	3	CEIP Manuel Sueiro

8 – CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez compilados e clasificados os materiais deste proxecto, fixemos a valoración do funcionamento e organización do mesmo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre as compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.
- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, na creación de novas e contidos para a web, na dinamización dos blogs de meteoroloxía e biblioteca; en todas elas dedicamos moito máis tempo do reflectido nas actas de reunión. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.
- **O nivel de satisfacción** en relación as estratexias, recursos e técnicas que nos permitan continuar mellorando a coordinación e funcionamento no emprego de TAC no centro e na biblioteca a través do emprego do proxecto de webs dinámicas, entendemos que cubriu amplamente as nosas expectativas iniciais.

8.2 Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. **Resultados:**

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO SEMINARIO
<i>Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3) / BASTANTE (4) / MOITO (5)</i>

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL : repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5

VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
--------------------------	---	---	---

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA *resultou*

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN**Debería mellorarse:**

Ampliar a formación práctica sobre o emprego de H5P

O que estivo ben foi:

Os contidos traballados.

As dúas relatoras.

A coordinación entre os membros do Seminario.

A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9- CONCLUSIÓNS. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, un ano máis só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa en consonancia coas demandas desde a Consellería para o desenvolvemento do ensino virtual.

Entendemos que a dinamización da web e do aula virtual desde unha perspectiva dos principios metodolóxicos do deseño universal de aprendizaxe, así como o mantemento dos blog de meteoroloxía e do da biblioteca xoga un papel importante na mellora do emprego das TACs no proceso de ensino e aprendizaxe e no protagonismo que adquire a nosa biblioteca no funcionamento do centro repercutindo de maneira importante na calidade educativa que estamos a ofrecer. Os mestres debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

É moi importante que a produción de calquera recurso sexa contrastada no aula e sexa accesible para todo o mundo e desde calquera lugar, de aí que se faga necesario o colocar todos os recursos no espazo web do centro ou na súa aula virtual.

Asemade, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.

Vémonos na obriga de difundir todas as nosas experiencias a través do aula virtual para favorecer que estas boas prácticas axuden á creación de redes docentes que difundan as súas experiencias.

Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este proxecto dentro do PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos a dinamización do emprego das TICs no centro, agora, debemos ir máis alá e facer que se integren en todo o proceso educativo do noso centro.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

10 - RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN

Material en soporte informático

- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Seminario.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=172>

En Ourense, a 27 de abril de 2023



Asdo: María del Mar Pereira Gil